IES CAMPO DE SAN ALBERTO

Plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación

CURSO 2020-21

Coordinador: Francisco Javier González García

Índice

1. INTRODUCIÓN. 4

1.1. Principios e intencións do documento do plan TIC de centro incardinando no contexto socio-educativo, nas liñas didáctico-pedagóxicas e na comunidade educativa. 5
1.2. Proceso temporal e estratéxico realizado no centro ata chegar ao momento do desenvolvemento do Plan TIC. 6
1.3. Tempo de aplicación e desenvolvemento do Plan TIC en función da evolución socio-educativa e tecnolóxica. 6

2. CONTEXTUALIZACIÓN. 7

2.1. Definición da contorna de aplicación de plan TIC e a súa interrelación coa contorna educativa de centro e da súa comunidade educativa. 7
2.2. Definición do papel das tecnoloxías da información, comunicación e aprendizaxe en documentos institucionais. 7
2.3. Caracterización xeral da contorna tecnolóxica da comunidade educativa. 7
2.4. Análise de oportunidades, ameazas, fortalezas, debilidades e aspectos de mellora do contexto. 8
2.5. Traxectoria e experiencia na aplicación das TIC no centro. 8

3. OBXECTIVOS XERAIS 8

3.1. Definición dos logros que se esperan obter da integración das tecnoloxías da información no centro, aliñados con obxectivos e principios do proxecto educativo. 8
3.2. Referidos á integración curricular – con relación ao papel das TIC no proceso educativo e a organización didáctica. 9
3.3. Referidos ás infraestruturas e o equipamento – con relación á organización e estrutura tecnolóxica do centro en función dos obxectivos educativos e didácticos. 10
3.4. Referidos á formación do profesorado – con relación ao proceso formativo do profesorado para alcanzar as competencias dixitais e as destrezas necesarias para o desenvolvemento de integración das TIC no centro. 10
3.5. Referidos á comunicación e interacción institucional – con relación aos procesos de comunicación da institución cara á sociedade (identidade, representatividade e difusión) e entre membros da comunidade educativa segundo perfís e funcións. 10
3.6. Referidos á xestión e organización do centro – con relación á administración, a xestión e a organización dos procesos tecnolóxicos (accesibilidade, seguridade e confidencialidade). 10

4. ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO, DINAMIZACIÓN, DIFUSIÓN E COORDINACIÓN DO PLAN TIC DO CENTRO 11

4.1. Comisión TIC. 11
4.2. Procesos e temporalización do Plan TIC. 11

5. INTEGRACIÓN CURRICULAR. 13

5.2. Situación de partida. 13
5.3. Infraestrutura e equipamento. 14
5.4. Formación do profesorado. 15
5.5. Contorna familiar e institucional 16
5.6. Xestión e organización. 16

6. AVALIACIÓN, SEGUIMENTO E REVISIÓN DO PLAN 17

6.1. Estratexias de seguimento e avaliación do plan..... 18
6.2. Instrumentos de seguimento e diagnóstico do plan. 18
6.3. Indicadores respecto a as diferentes liñas de actuación. 18
6.4. Temporalización. 19

7. A BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS MULTIMEDIA 19

8. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA. 20

8.1. Conclusións..... 20
8.2. Propostas de mellora. 20

ANEXO I.....22

Plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

1. INTRODUCIÓN.

Para a elaboración do plan TIC, similar ao que fixemos coas programacións didácticas, seguiremos as *Instrucións do 30 de xullo de 2020, ditadas pola da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,* en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Así mesmo basearase no seguinte marco lexislativo:

- A *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,* modificada pola *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro*.
- O currículo na Comunidade Autónoma de Galicia para as etapas educativas que nos atangue está establecido no *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (Decreto 324/1996, do 26 de xullo, DOG 09-08-96), Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ROC, Orde do 28 de xuño de 2010* que a modifica parcialmente.
- *Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia,* modificada pola *Resolución do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde 365/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021*, determina que as administracións educativas poderán autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.
- As *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, que determinan as liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten mais dificultades.
- A *Orde EFP/561/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021* establece que as administracións educativas adoptarán as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.
- O *Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021*, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.
- *Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde*

pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (DOG nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021

- Organización e funcionamento no IES Campo de San Alberto Covid-19

1.1. Principios e intencións do documento do plan TIC de centro incardinando no contexto socio-educativo, nas liñas didáctico-pedagóxicas e na comunidade educativa.

A lexislación educativa aplicable regula a incorporación das TIC aos currículos educativos. A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas pola cita da lei. No caso de Galicia o DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia..

Neste decreto no artigo 3 establécese como dúas das competencias clave a Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) e a Competencia dixital (CD).

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, identificáronse oito competencias básicas entre a que está, en cuarto lugar: Tratamento da información e competencia dixital.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Está asociada coa procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia). Require o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de descodificar e de transferencia, así como aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes en que esta adoita expresarse.

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e de coñecemento.

A competencia dixital permite aproveitar a información e analizala de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o traballo colaborativo, tanto na súa vertente sincrónica como diacrónica, coñecendo e relacionándose con contornos físicos e sociais cada vez máis amplos.

En síntese, o tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando for necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Partindo deste marco legal pretendemos elaborar o plan de integración das TIC do centro. É a nosa intención dar valor a este documento para que se converta nun dos eixes fundamentais na elaboración do Proxecto Educativo de Centro. Para iso debe estar en sintonía o equipo directivo, impulsando decididamente este plan, o claustro de profesores, cun consenso amplo sobre a necesidade de expor este plan e o resto da comunidade educativa implicándose na súa realización e posta en marcha. Sen estes tres eixes é imposible afrontar esta tarefa con algunha posibilidade de éxito. Realizar dita labor en solitario, só o coordinador TIC, aboca ao fracaso da iniciativa. Por tanto é imprescindible ser capaz de involucrar e aglutinar moitas vontades detrás deste reto.

O Plan TIC pretende establecer unhas directrices para asegurar a competencia dixital do alumnado e profesorado, a integración curricular, a innovación metodolóxica e a igualdade de oportunidades.

Os apartados de que consta o plan variarán ao longo do desenvolvemento dos mesmos adaptándose ás novas necesidades, ás opcións que nos ofrecen as novas ferramentas que continuamente van aparecendo e aos resultados das avaliacións do plan que se irán facendo periodicamente.

1.2. Proceso temporal e estratéxico realizado no centro ata chegar ao momento do desenvolvemento do Plan TIC.

Facemos a continuación unha sinopse desde a elaboración do primeiro plan TIC do centro no curso 2011-12 ata o momento actual.

O curso 2010-2011 pretendeuse facer unha aproximación a realidade da comunidade educativa en relación ao uso e coñecemento das TIC coa elaboración dunha enquisa. A intención era pasarlla a todos os membros da comunidade educativa. Este curso 2020-21 fixemos unha revisión e actualización á situación presente para que ao realizala poidamos obter datos que nos axuden a precisar o punto no que nos atopamos neste intre.

O enlace a enquisa é o seguinte:

https://docs.google.com/spreadsheet/embeddedform?formkey=dFZxMGZQZmRURGxKR0UyNHJqVlFJWHc6MQ

O curso 2010-2011, comezouse co Programa Abalar. Dende a Consellería dotáronnos con ordenadores para todo o alumnado de 1º ESO, canóns, carros de carga, portátiles para o profesor, un servidor de centro e encerados dixitais. Este material chegou preto de Nadal, polo que a súa utilización viuse moi condicionada. Para o aprendizaxe do manexo creouse un grupo de traballo co profesorado que impartía clases neste nivel. A asistencia era obrigatoria. Na memoria final do grupo de traballo veñen recollidos todos os materiais elaborados.

No curso 2011-2012, a mediados de novembro, recibimos o material abalar para 2º ESO. O coordinador Abalar pretende motivar e axudar ao profesorado que imparte docencia no primeiro ciclo da ESO para sacarlle o máximo proveito posible a este material.

Dende o equipo directivo, a través dunha empresa externa de xestión de material informático, elabora unha reestruturación do equipamento, conexións a internet e espazos dedicados ás novas tecnoloxías. Co traballo en colaboración co coordinador Abalar tentaranse optimizar os recursos dispoñibles para que toda a comunidade educativa poida obter o máximo rendemento.

Os cursos 2010-2011 e 2011-2012 exerce como coordinador TIC e coordinador Abalar, e elabora o plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación, Francisco Javier González García, profesor de Educación Física do centro.

Os cursos seguintes segue chegando a dotación da Consellería de Educación para continuar co proxecto abalar iniciado.

No curso 2014/2015, co obxectivo de pór en marcha o libro dixital nos centros educativos galegos, a Consellería pon en marcha o proxecto E-Dixgal ao que o IES Campo de San Alberto se uniu no curso 2018-19. Tivo distintos coordinadores responsables do material e desenvolvemento do proxecto desde o seu inicio.

O curso 2019-20 elaborouse unha enquisa para saber á situación da comunidade educativa respecto ao acceso e utilización das tecnoloxías TIC e no inicio do 2020-21 refíxose a enquisa e pasouse a todo o alumnado no marco da pandemia polo covid-19. Posteriormente recibiuse unha proposta de sondaxe similar por parte da administración educativa que tamén se lle trasladou ao alumnado.

1.3. Tempo de aplicación e desenvolvemento do Plan TIC en función da evolución socio- educativa e tecnolóxica.

A aplicación do plan TIC está en marcha desde o seu inicio e continúa de xeito dinámico ao longo do tempo. A evolución dos materiais en tecnoloxías, así como das aplicacións é tan rápida que constantemente nos temos que estar actualizando, tanto na compra de material, para repoñer o que se vai

quedando obsoleto, como na posta ao día das persoas para conseguir o mellor aproveitamento das ferramentas dispoñibles.

O actual equipo directivo fixo un gran esforzo na renovación de ordenadores, proxectores, pantallas, televisións e incluso atención as peticións de departamentos coa dotación de tabletas.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

A contextualización do IES Campo de San Alberto ven recollida nos documentos oficiais do centro, e máis concretamente no PEC. Tanto a tipoloxía do centro como a situación socioeconómica afectarán ao desenvolvemento do plan.

2.1. Definición da contorna de aplicación de plan TIC e a súa interrelación coa contorna educativa de centro e da súa comunidade educativa.

A descrición da contorna está perfectamente recollida no punto 1 da Programación xeral anual, exposta na páxina web do centro. Pódese acceder a ela a través da seguinte ligazón:

http://www.edu.xunta.gal/centros/iescamposanalberto/system/files/u95/PROGRAMACION%20XERAL%20ANUAL%202020-21%20-%20odt.pdf

A repercusión do plan pretendemos que abrangue a toda a comunidade educativa do centro. O principal colectivo ao que temos en conta á hora da súa elaboración é ao alumnado pero non se cingue exclusivamente a el senón que pretendemos facer actuacións para que, ademais do profesorado, o persoal non docente, os pais, nais e resto da contorna poida acceder tanto a material como a formación neste eido.

2.2. Definición do papel das tecnoloxías da información, comunicación e aprendizaxe en documentos institucionais.

O papel das tecnoloxías da información, comunicación e aprendizaxe en documentos institucionais queda presente desde a elaboración da documentación ata a súa difusión tanto na páxina web do centro como na aula virtual do mesmo.

A presentación á comunidade do proxecto educativo de centro, a difusión das programacións didácticas, o coñecemento do regulamento de organización e funcionamento do centro, do plan de convivencia ou a divulgación dos plans de formación do centro no serían posible sen unha formación nas tecnoloxías da información e da comunicación por parte do profesorado que debe expoñelas e por parte do colectivo que desexe atopalas.

Un grupo específico de profesorado e alumnado interesado conformará o equipo TIC que, con coñecementos específicos neste campo, axudará á realización e publicación dos documentos que se precise.

2.3. Caracterización xeral da contorna tecnolóxica da comunidade educativa.

Como xa quedou exposto no punto 1.2, elaborouse unha enquisa para facer unha mostraxe da situación na que se atopa a comunidade educativa, modificando a proposta no anterior plan TIC. Este curso levamos a cabo, entre todo o alumnado, outra sondaxe a través da aula virtual (Enquisa sobre conectividade do alumnado) do centro nos primeiros días ao inicio das clases. Tamén se fixo unha sesión de iniciación aos contidos da aula virtual e se matriculou a todo o alumnado en previsión dun peche como o acontecido o curso anterior.

2.4. Análise de oportunidades, ameazas, fortalezas, debilidades e aspectos de mellora do contexto.

A situación actual do contexto lévanos a constatar unha serie de fortalezas, oportunidades, amezas e debilidades.

Entre as fortalezas podemos citar a presenza da dirección no equipo TIC, o que facilita o desenvolvemento áxil das propostas, a continuidade do equipo directivo, a súa predisposición e a súa aposta por dotar ao centro de bo equipamento e formación. Temos neste momento a oportunidade de remediar as necesidades que se detecten ou sexan recibidas polo equipo TIC. Un profesor do centro, Jorge Cuenca, con amplos coñecementos neste eido, dedica moitas horas do seu tempo ao mantemento e reparación dos problemas que xorden día a día. Unha empresa informática axuda ao que o equipamento informático se manteña en boas condicións.

Entre as ameazas e debilidades podemos contemplar a gran cantidade de equipamento existente no centro, con cambios continuos e ca necesidade de facer un inventario detallado das novas adquisicións, localización, características e outras anotacións necesarias para o mantemento, como poden ser claves de acceso como administrador para poder ter acceso aos equipos. Tamén debemos ir eliminando os aparellos retirados do inventario ou recolocando os cambios. Outra posible ameaza pode ser a posibilidade de cambio na dirección do centro e a importancia que a nova lle dé a inversión en material TIC.

2.5. Traxectoria e experiencia na aplicación das TIC no centro.

O centro ten tradición e experiencia na aplicación das TIC. Nun principio por unha parte do profesorado houbo intención de formación e mellora neste ámbito e posteriormente foise estendendo ata a maioría do profesorado o interese pola mellora das súas competencias dixitais. Exemplos son a solicitude do proxecto abalar, a formación de grupos de traballo no centro como o realizado no curso 2013-14 "*Pulo das TIC do centro a través de ferramentas colaborativas e emprego das web dinámicas*", a gran participación en cursos de formación, a solicitude do proxecto e-dixgal e a participación na formación ao longo dos cursos...

Diversos **premios** foron gañados utilizando ferramentas TIC como o concurso de vídeos "Apúntome", unha curta filmada no IES Campo de San Alberto, que conseguiu gañar o 1º premio galego no festival de clipmetraxes de "Mans Unidas" no ano 2015, o concurso de programación en Scratch para nenos DXC Codes que gañaron alumnos de 2º da ESO no 2018 co seu proxecto Galactic tournament ou o Primeiro premio Miguel Hernández de categoría nacional de **innovación pedagóxica** no ano 2017.

Outras actuación en innovación pedagóxica están accesibles na aula virtual do instituto

3. OBXECTIVOS XERAIS

3.1. Definición dos logros que se esperan obter da integración das tecnoloxías da información no centro, aliñados con obxectivos e principios do proxecto educativo.

Os obxectivos xerais do plan TIC son os seguintes:

1. Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
2. Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo co TIC.
3. Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
4. Impulsar a comunicación con outros centros e localidades para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
5. Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

6. Proporcionar ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
7. Utilizar programas e contornas que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
8. Utilizar o computador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
9. Potenciar a comunicación cos iguais.
10. Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
11. Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación para o traballo cotián e nas actividades da aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
12. Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e da comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a actividade docente.
13. Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como internet.
14. Lograr a integración das tecnoloxías da información e da comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
15. A través das asociacións de nais e de pais dos centros, pór en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e da comunicación.
16. Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación derivadas das desigualdades sociais.

Expoñemos a continuación os obxectivos recollidos na Programación xeral anual 2020-21

1. Acadar mellores resultados académicos reducindo o abandono escolar e acompañando a cada alumno/a para que chegue a dar a mellor versión de si mesmo/a
2. Proporcionar un entorno educativo e afectivo enmarcado polos valores democráticos de igualdade, convivencia e respecto.
3. Artellar a dinámica do noso centro a través do plurilingüismo, proxectos e actividades educativas.
4. Facilitar e impulsar novas experiencias didácticas como motor da comunidade educativa.
5. Coordinar o funcionamento do centro de xeito eficaz.
6. Crear un clima de confianza que nos permita conseguir a máxima participación.
7. Abrir o centro á contorna.
8. Aumentar o número de alumnos/as matriculados no centro.
9. Revisar e actualizar os documentos organizativos do ies.
10. Desenvolver unha xestión económica responsable e transparente en función do presuposto dispoñible.

3.2. Referidos á integración curricular – con relación ao papel das TIC no proceso educativo e a organización didáctica.

1. Colaborar cos departamentos didácticos en todo o que soliciten.
2. Manter actualizada a páxina web como medio de información á comunidade educativa.
3. Xestionar os usuarios da aula virtual.
4. Formar aos usuarios da aula virtual.
5. Propoñer vehículos de comunicación inmediata entre os diferentes grupos que conforman a comunidade educativa.
6. Propoñer a utilización da plataforma Agueiro como ferramenta para poder crear a nosa propia comunidade educativa virtual.

7. Promover que o alumnado utilice programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.
8. Promover que o profesorado empregue as TIC para o traballo cotián e as actividades da aula.

3.3. Referidos ás infraestruturas e o equipamento – con relación á organización e estrutura tecnolóxica do centro en función dos obxectivos educativos e didácticos.

1. Renovar o equipamento anticuado ou deteriorado.
2. Rexistrar o equipamento do centro coas súas características principais nunha folla de cálculo accesible ao equipo TIC.
3. Controlar o acceso a internet do centro tanto a través de cable como polas redes wifi.
4. Dotar as aulas do material TIC necesario e en perfecto estado de funcionamento.
5. Dotar a sala de profesores de ordenadores e impresoras suficientes para as necesidades do profesorado.
6. Facilitar o servizo de impresión de documentos particulares desde a biblioteca do centro.
7. Dotar á biblioteca de material TIC para préstamo facilitando o acceso a toda a comunidade educativa deste equipamento tentando equilibrar as desigualdades sociais.
8. Facilitar o acceso ás ferramentas TIC aos alumnos con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.

3.4. Referidos á formación do profesorado – con relación ao proceso formativo do profesorado para alcanzar as competencias dixitais e as destrezas necesarias para o desenvolvemento de integración das TIC no centro.

1. Solicitar cursos de formación en función das necesidades detectadas ou a proposta do profesorado.
2. Impartir sesións de docencia de determinados temas que se consideren necesarios para alcanzar as competencias dixitais e as destrezas necesarias para o desenvolvemento de integración das TIC no centro por parte do profesorado.
3. Axudar na exposición e desenvolvemento de contidos na aula virtual ao profesorado que o solicite.
4. Colaborar na elaboración de materiais didácticos utilizando ferramentas TIC.

3.5. Referidos á comunicación e interacción institucional – con relación aos procesos de comunicación da institución cara á sociedade (identidade, representatividade e difusión) e entre membros da comunidade educativa segundo perfís e funcións.

1. Axudar na exposición e desenvolvemento de contidos na páxina web do centro ao profesorado ou aos equipos (normalización lingüística, biblioteca, igualdade...) que o soliciten.
2. Colaborar coa dirección na elaboración de documentos administrativos utilizando ferramentas TIC.
3. Colaborar coa dirección na elaboración de materiais de promoción do centro utilizando ferramentas TIC.
4. Promover a utilización da plataforma Agueiro como ferramenta de difusión entre o profesorado e alumnado.

3.6. Referidos á xestión e organización do centro – con relación á administración, a xestión e a organización dos procesos tecnolóxicos (accesibilidade, seguridade e confidencialidade).

1. Colaborar coa dirección na elaboración nos procesos administrativos que solicite nos que sexa necesario a utilización de ferramentas TIC.
2. Programar coa dirección do centro a compra de material TIC.
3. Elaborar un inventario e normas de uso do material TIC do centro.

4. Deseñar, coa dirección do centro, as normas de acceso e mantemento ao material informático.
5. Solicitar cursos de seguridade informática para alumnado e profesorado.
6. Elaborar, xunto coa dirección do centro, protocolos de actuación na solicitude de permisos e difusión de información referida á protección de datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais.

4. ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO, DINAMIZACIÓN, DIFUSIÓN E COORDINACIÓN DO PLAN TIC DO CENTRO

4.1. Comisión TIC.

Cada curso pretendemos crear un grupo de profesores, que forman a Comisión TIC, para, entre outras tarefas, xestionar a páxina web, aula virtual, galería de imaxes e outras utilidades que poidan xurdir no centro. Téntase fomentar o seu uso como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.

Haberá un coordinador TIC que, entre outras funcións asignadas, fará de apoio e coordinará a acción do profesorado e da Comisión en relación ao traballo coas TIC. Faranse propostas de traballos, reunións e sesións de coñecemento e aprendizaxe de uso de determinados elementos como pode ser o EDI ou demais material existente por ser Centro Abalar e E-Dixgal así como do material adquirido polo centro (equipos informáticos, tabletas, carros de carga, pantallas táctiles...). O seu axeitado desenvolvemento dependerá da implicación de todos os membros da comunidade educativa.

4.2. Procesos e temporalización do Plan TIC.

4.2.1. Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos.

Proponse o seguinte organigrama para a coordinación das TIC no centro



4.2.2. Funcións do Equipo directivo

O equipo directivo será o encargado de nomear ao coordinador TIC e de impulsar a creación da comisión TIC entre o profesorado do centro. Sería desexable que esta comisión estivera formada por un mínimo de tres membros, contemplando a posibilidade de asignar aos seus membros, algunha hora de dedicación, en función das necesidades horarias do centro.

Será o encargado de dar conformidade e controlar o cumprimento dos protocolos, normas de uso e outros documentos que a comisión TIC propoña para a organización e desenvolvemento do plan TIC.

Organizará os espazos do centro.

Determinará a adquisición de material cando o considere oportuno.

Decidirá o modo de utilización e aproveitamento dos recursos existente no centro en beneficio do proxecto.

Facilitará o traballo de todos os integrantes do plan para impulsar a utilización das TIC no centro.

Coordinará a comunicación do centro coas institucións en temas TIC.

Este curso o equipo directivo continúa coa utilización dunha empresa externa para axudar ao mantemento do equipamento informático.

O equipo directivo deberase apoiar no coordinador TIC e na comisión TIC para tomar as súas decisións aínda que recaia nel a responsabilidade final do funcionamento e desenvolvemento das TIC do centro.

4.2.3. Funcións do coordinador TIC

Apoiar ao profesorado na integración das TIC na docencia diaria.

Promover a utilización das TICs por parte de toda a comunidade educativa.

Colaborar na organización e xestión dos recursos procurando o seu correcto funcionamento.

Facer de primeiro apoio no mantemento do material das aulas e comunicarse coa UAC no caso de ser necesario.

Propoñer os protocolos de actuación, normas de uso e outros documentos para o desenvolvemento das TIC á dirección do centro para a súa aprobación.

Colaborar na implantación dos servizos da Intranet.

Dinamizar os proxectos do centro relacionados cas novas tecnoloxías.

Colaborar co equipo directivo na comunicación do centro coas institucións en temas TIC.

Formar parte da comisión TIC e do equipo da biblioteca para tentar coordinar o relacionado cas novas tecnoloxías no centro.

Colaborar coa comisión TIC na promoción, actualización e mantemento da páxina web do centro.

Colaborar coa comisión TIC na orientación sobre o intercambio de experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración.

Administrar o servidor de centro e orientar aos profesores no seu funcionamento como repositorio de contidos.

O coordinador TIC, en función da súa dispoñibilidade horaria, será o coordinador E-Dixgal, en cuxo caso sería o primeiro responsable da organización, mantemento e control do material das aulas E-Dixgal. A súa principal función será velar polo correcto funcionamento destas aulas. No caso que non haxa posibilidade horaria por parte do coordinado TIC nomearase a outra persoa para que realice estas funcións e formará parte a Comisión TIC.

4.2.4. Funcións da Comisión TIC

Colaborar co coordinador TIC no apoio ao profesorado na integración das TICs na docencia diaria.

Colaborar co coordinador TIC no mantemento do material E-Dixgal e outros recursos e ferramentas procurando o seu correcto funcionamento.

Elaborar todos os documentos que se estimen oportunos para a correcta organización e control do material informático, principalmente, aínda que poderán propoñer normas de uso para todo o instrumental relacionado coas novas tecnoloxías.

Promover o uso da páxina web do centro entre o profesorado asesorando e encargándose do mantemento e actualización.

Promover o uso da aula virtual do centro entre o profesorado asesorando e apoiando as súas iniciativas.

Orientar ao profesorado na utilización de programas e contornas para facilitar a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.

Propoñer programas de formación para todos os membros da comunidade educativa que estean interesados.

Orientar sobre o intercambio de experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración.

4.2.5. Funcións do profesorado

Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento a través do uso das TIC.

Proporcionar ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Promover a utilización do computador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión de ideas propias.

Instruír ao alumnado na utilización do teléfono móbil como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión de ideas propias non só como aparello para conectarse ás redes sociais ou xogar.

Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación para o traballo cotián e nas actividades da aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...

O profesorado será o responsable do cumprimento das normas de uso e protocolos de actuación que se establezan. Tamén será o encargado de facer chegar ao coordinador TIC as incidencias que vaian xurdindo.

4.2.6. Club de informática

Cada curso tentarase crear un club de informática, formado por alumnado do centro, cas seguintes características:

- Solicitarase a participación preferente do alumnado que xa forme parte doutras dinamizacións e teña cargos relacionados coas TIC para tentar de integrar, dalgún xeito, os diferentes proxectos que se realizan no centro.
- A participación do alumnado será voluntaria.
- A única condición para formar parte do club será a de manifestar un bo comportamento en xeral.
- Ao integrarse no club recibirán un curso de formación básico impartido polo coordinador TIC ou algún membro da comisión TIC.
- As condicións de continuidade e as súas funcións estableceranse no RRI do centro, o mesmo que os privilexios dos que gozarán.
- Desenvolverán o seu traballo principalmente durante algúns recreos.

Debemos ter en conta que os membros do club de informática facilitarán o labor do coordinador TIC e axudarán solidariamente aos seus compañeiros renunciando ao seu tempo de lecer polo que o seu papel será moi importante para a boa marcha do Plan TIC.

5. INTEGRACIÓN CURRICULAR.

5.2. Situación de partida.

O primeiro plan TIC redactado no centro data do curso 2011-12. Desde entón foron moitos os cambios que se produciron tanto no equipamento como nas ferramentas, en constante evolución e actualización, que están accesibles para o profesorado.

Houbo cambios tamén dos membros persoais, tanto da dirección como da Comisión TIC, da persoa coordinadora e mesmo de profesorado e, por suposto, alumnado.

Ca reelaboración do plan pretendemos que se establezan unhas pautas a seguir independentemente das persoas que formen parte dos equipos implicados.

Xa nos primeiros pasos da Comisión se tentou levar un control do equipamento do centro, promover a utilización da páxina web e a aula virtual do centro, planificar actividades en coordinación coa vicedirección, o equipo de biblioteca, o equipo de normalización lingüística e a orientación do centro, e se pretendeu formar e implicar aos membros da comunidade educativa no emprego o máis axeitado posible das ferramentas TIC.

Desde ese primeiro momento, e grazas a planificación e organización feita, conseguiuse que, na actualidade, a páxina web do centro sexa un lugar habitual de consulta de todos os eventos, tarefas e recordatorios importantes da vida do IES.

A web do centro foi evolucionando co tempo e tivo especial importancia o curso pasado, no momento do confinamento, pois fomos capaces de reflectir nela ou a través de enlaces facilmente accesibles todos os contidos, tarefas e demais actuacións que o profesorado propoñía para o seguimento e superación do curso.

Tamén a aula virtual tivo un gran pulo nestes últimos anos, especialmente o anterior e o presente 2020-21, en parte apremados pola pandemia. Todos os cursos teñen os contidos de todas as súas materias na aula virtual, así como tarefas de seguimento para que en caso de que haxa confinamentos particulares se poida seguir o ritmo das clases desde as casas.

Actuacións como unha sesión inicial de utilización da aula virtual para todo o alumnado do instituto nas primeiras sesións do curso, coa matriculación e exposición das principais accións que se poden levar a cabo a través da aula virtual foron moi importantes para impulsar as TIC.

5.3. Infraestrutura e equipamento.

- Situación de partida. No curso 2010-2011 comezouse co Programa Abalar. Dende a Consellería dotáronnos con ordenadores para todo o alumnado de 1º ESO, canóns, carros de carga, portátiles para o profesor, un servidor de centro e encerados dixitais. O curso 2011-2012 recibimos o material abalar para 2º ESO. Así se mantivo ca actualización de material os cursos seguintes ata que se entrou a formar parte do proxecto E-Dixgal, no cal estamos no curso actual 2020-12.
Pouco a pouco todas as aulas se dotaron de ordenador para o profesorado e canon proxector e sistema de son como mínimo. En moitas delas tamén temos pantalla dixital interactiva.

- Servizos da internet. Coa implantación do programa Abalar ademais da rede wifi propia do centro tamén se instalou a rede abalar, específica para estes equipos. Esta rede foi cambiada ao parecer ata transformarse na rede edu.xunta.es á que se podía acceder coa conta de edu.xunta do profesorado e se podía habilitar para o alumnado se fose preciso. Actualmente temos aberta unha incidencia para detallar as redes que funcionan e dan acceso a internet no centro pois algunha funciona sen dar conexión á rede e outra depende dos puntos de conexión.

- Rede do centro. É necesario un análise do estado da rede do centro pois está dando bastantes fallos de conexión.

- Servidores e servizos. O servidor de centro co que se nos dotou ao establecer o programa abalar non foi moi utilizado. A pesar de que nos parecía unha boa opción como repositorio de contidos e de acceso inmediato, independentemente da conexión co exterior non foi moi empregado por parte do profesorado. Na actualidade non se utiliza.

- Equipamento e software. O equipamento foi medrando cada curso pasando dun aula de informática con uns 25 postos a dúas aulas de 24 postos cada unha para alumnado da ESO e Bacharelato, ademais contamos con Ciclos Formativos que dispoñen do seu material propio.

O centro conta cunha Aula Específica con alumnado con necesidades especiais. Dita aula está dotada de un ordenador para cada alumno, canón, EDI e portátil do profesor. No caso de alumnado con Reforzo Educativo utilizarase o material E-Dixgal, unha aula de informática ou os ordenadores da biblioteca. A Aula de apoio conta cun ordenador para o profesor, poden utilizar máis ordenadores cando o profesorado de Apoio o considere oportuno. O coordinador e a comisión TIC tentarán axudar de forma específica ao profesorado de ditas aulas nas cuestións que propoñan para facilitar o máximo posible o acercamento as TIC.

O equipo da biblioteca, do cal forma parte o coordinador TIC neste curso, tentando de favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación derivadas das

desigualdades sociais optou pola renovación de equipos portátiles que poden ser solicitados en préstamo polo alumnado ou por outros membros da comunidade educativa. Tamén se ofrecen, desde a biblioteca, libros electrónicos para os usuarios que o desexen.

O software utilizado é principalmente libre, aínda que nalgúns casos, nos que os equipos posuían licenza de windows se optou por ter un arranque dual. Algúns ordenadores deixáronse unicamente co sistema operativo de windows. A solución para poder ver arquivos de programas privativos que o profesorado puidera utilizar foi instalar visores gratuítos. Para facilitar a restauración dos ordenadores en caso de fallos fixéronse imaxes. Para a elaboración da primeira imaxe solicitouse a todo o profesorado os programas que necesitaría para traballar na súa materia.

A materia optativa de 2º de bacharelato, Imaxe e Son, ten o seu propio material TIC.

- Mantemento e responsabilidades. Para comunicar os fallos nos equipo informáticos está a disposición do profesorado un libro de incidencias (Anexo I), na sala de profesores. O equipo TIC revisa as incidencias e tenta reparalas en primeira instancia. Se non é posible se contacta ca empresa informática ou coa UAC segundo o caso.

  É responsabilidade de todo o profesorado e do alumnado o coidado e respecto das normas para a correcta utilización do material TIC.

- Actuacións de mellora. Corresponde ao coordinador TIC propoñer á dirección do centro as decisións tomadas pola Comisión respecto a adquisición, cambio ou normas de utilización respecto ao material TIC e será a dirección a que finalmente decida e se responsabilice das resolucións tomadas.

5.4. Formación do profesorado.

Para incrementar a utilización das novas tecnoloxías é imprescindible a implicación e formación do profesorado. Ante unhas ferramentas en constante evolución a actualización continua faise imprescindible.

- Situación de partida. Desde o curso 2010-11 ca solicitude de charlas, unha para profesores e outra para nais e pais, sobre o Espazo Abalar. Charlas de Navega con rumbo dirixidas a nais e pais e ao alumnado dos primeiros cursos da ESO co obxectivo de dar a coñecer os perigos e as medidas que se deben adoptar ó navegar por internet ata os cursos de actualización ferramentas nos niveles de iniciación e avanzado solicitados este ano académico 2020-21 foron moitas as actuacións levadas a cabo na formación, tanto de xeito individual por parte do profesorado ca asistencia a cursos convocados pola Consellería de Educación a través dos Centros de Formación e Recursos, como ca solicitude dun grupo de traballo (GT): Pulo das TIC do centro a través de ferramentas colaborativas e emprego das web dinámicas.

- Plan de acollida, integración e apoio ao profesorado de recente incorporación. Nos primeiros días dos cursos a dirección e a Comisión TIC póñense en contacto co profesorado novo para crearlle unha conta na aula virtual do centro e ofrecer o apoio necesario para o desenvolvemento dos contidos das súas materias. Explícanse as normas básicas de utilización do material TIC, das aulas de informática e a forma de comunicar as incidencias que poidan ir xurdindo.

- Liñas de formación do profesorado en TIC respecto ao Plan de formación de profesorado do centro. Son tres as liñas principais de formación do profesorado en TIC propostas, por unha banda suxerimos sesións de formación impartidas por membros da Comisión TIC para membros da comunidade educativa como pode ser a utilizacións das PDI, o funcionamento das pantallas táctiles ou sobre algunha ferramenta en particular e por outra a solicitude de cursos de formación para profesorado do centro, estes cursos propóñense en claustro e se a demanda e alta procédese a facer a solicitude ao CAFI. A terceira liña de formación é a solicitude de grupos de traballo ou seminarios para tratar algún tema en concreto que sexa considerado importante por un grupo de profesorado do centro.

5.5. Contorna familiar e institucional

- Situación de partida. Partimos dunha tradición de varios anos de utilizar a páxina web como escaparate do centro ao que acoden tanto os membros da comunidade educativa como outros usuarios para informarse, por exemplo das ensinanzas impartidas.

Outro vehículo de transmisión coas familias e a aplicación Abalar móbil, cada vez máis empregada polas familias do alumnado

- Interacción coa comunidade educativa. Corresponderá á dirección do centro decidir o modo de impulsar a comunicación coas familias, coa administración e con outros centros e localidades para informar sobre todas as novas relativas ao centro.

Corresponderá ao equipo directivo e aos profesores potenciar a comunicación entre os iguais.

Será a comisión TIC a encargada de elaborar propostas que se poñerán en coñecemento do profesorado co obxectivo de proporcionar ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Serán os profesores os que decidan finalmente como e cando aplicar ditas propostas ou as súas achegas persoais adecuándoas á súa programación en particular.

Deberase facilitar que toda a comunidade educativa poida consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e da comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a actividade docente ou de outro tipo segundo as necesidades de cada un.

O coordinador TIC e a comisión TIC informarán da existencia de diversas redes sociais nas que se poden intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... Tratarán de expor o funcionamento xeral destas redes, as normas de conducta... para os profesores que o desexen.

Tentaremos, entre todos os profesores que apostan pola utilización das TIC, de lograr a integración das tecnoloxías da información e da comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles. Este proceso sabemos que será lento pero que vai no sentido que a sociedade actual demanda.

Nos últimos anos creáronse e dinamizáronse sitios web, como o blog da biblioteca, o blog sae da cuncha (de normalización lingüística), e fíxose presenza en aplicacións e redes sociais como instagram cas contas do departamento de Orientación “Orientacasa” ou de normalización “lingua casa” onde se colga información de interese para a comunidade educativa en xeral

- Implicación das familias no uso das TIC na contorna familiar. As medidas para difundir o proxecto, ademais do exposto anteriormente, entre o alumnado, as familias e a comunidade educativa en xeral, de maneira que se fomente a súa participación nel serán do tipo de información nas titorías e nas reunións cas familias. Nestas reunións uns dos temas a tratar será o uso das TIC por parte do alumnado tanto dentro como fóra do recinto escolar. Solicitarase a implicación das familias para o asesoramento e o control da correcta utilización do material TIC. En caso de ser necesario solicitaríase a impartición de charlas ou talleres informativos para as familias e o alumnado como xa se celebraron nalgunha ocasión.

5.6. Xestión e organización

- Situación de partida. O curso 2011-2012 foi elaborado o primeiro plan TIC do IES Campo de San Alberto, nel xa se recollían actuacións anteriores como por exemplo un protocolo, elaborado polo grupo de traballo abalar, para a utilización dos miniportátiles abalar. En cursos sucesivos continuouse co establecemento dunhas normas tanto para a utilización do material cedido pola Consellería de Educación como do material propio. Estas normas eran entregadas por escrito para que as familias asinen que son coñecedores e que aceptan dita normativa.

Estaba recollido que se promovería a utilización dos recursos existentes principalmente entre o profesorado e a utilización dos recursos informáticos e multimedia dos que dispón a biblioteca. Tentábase

dar publicidade e facilitar o empréstito a través da biblioteca para promover o acceso ás TIC a todos os membros da comunidade educativa.

Tamén se convocaron talleres, charlas ou cursos para dar unha formación inicial e posibilitar unha formación continua que favorecera o aproveitamento dos recursos existentes. Tentouse levar a cabo dous modelos de formación, un presencial e outro online. En principio a formación iba destinada ao profesorado pero procuraríase facer extensiva aos demais membros da comunidade educativa.

- Xestión administrativa e académica. Expoñemos a continuación o reparto dalgunhas funcións no referente á xestión administrativa e académica:

O equipo directivo determinará a adquisición de material cando o considere oportuno.

O equipo directivo decidirá a organización dos espazos do centro.

Será a comisión TIC a encargada de elaborar propostas que se poñerán en coñecemento do profesorado co obxectivo de potenciar dende cada área a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento. Serán os profesores os que decidan finalmente como e cando aplicar ditas propostas ou as súas achegas persoais adecuándoas á súa programación en particular.

Serán os profesores os que decidan que programas e contornas utilizar para facilitar a consecución dos obxectivos propostos nas súas áreas. O coordinador TIC xunto coa comisión TIC estarán para apoiar e, na medida das súas posibilidades, orientar no manexo dos programas e contornas que os profesores soliciten.

Corresponderá aos profesores promover a utilización do computador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión de ideas propias. Para facilitar a labor neste sentido o coordinador TIC proporá charlas ou encontros para todo o profesorado interesado no coñecemento do material TIC que posúe o centro.

Cada profesor deberá tentar de mellorar a súa proposta pedagóxica e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación. Para acadar este obxectivo poderá consultar á comisión TIC, que tratará de dar opcións e soporte técnico ás diferentes posibilidades que se lle poidan expor.

Corresponderá aos profesores empregar as tecnoloxías da información e da comunicación para o traballo cotián e nas actividades da aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...

- Criterios de seguridade e confidencialidade. Respecto a seguridade e confidencialidade seguiranse as recomendacións e normativas institucionais, tanto as publicadas pola administración autonómica como pola nacional ou mesmo as internacionais. Especial atención se prestará aos recentes cambios na normativa de protección de datos.

- Renovación e reciclaxe do equipamento informático. Corresponde á comisión TIC recoller e facer propostas á dirección do centro sobre a renovación do equipamento TIC. Será esta a que finalmente decida, en función da necesidade que se considere e da situación económica e cada momento.

6. AVALIACIÓN, SEGUIMENTO E REVISIÓN DO PLAN

Co fin de axeitar o plan ás necesidades do centro e garantir a súa adecuación co Proxecto Educativo deberá ser revisado e de ser necesario actualizado e mellorado preferentemente cada curso. Deseñaranse unhas pautas para realizar anualmente un seguimento e avaliación do plan tendentes a detectar os obxectivos alcanzados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos. Preténdese a elaboración dunhas enquisas que se proporán á comunidade educativa é, en especial, ao alumnado e profesorado do centro.

6.1. Estratexias de seguimento e avaliación do plan.

A comisión TIC será a responsable de realizar as tarefas de avaliación, seguimento e revisión do plan TIC, para iso terase en conta os seguintes criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos deste proxecto
- Valoración das Tics por parte do profesorado, alumnado e resto dos membros da comunidade educativa.
- Frecuencia no uso das Tics dentro e fora da aula.
- Utilización das Tics como recurso didáctico en diversas áreas de aprendizaxe polo profesorado e o alumnado.
- Planificación de actividades que utilicen as Tics como instrumentos de aprendizaxe.
- Grao de actualización, desenvolvemento e seguimento da páxina web do centro, aula virtual, bloggs, contas de instragram, uso de Agueiro... por parte do profesorado e membros da comunidade educativa.
- Análise das dificultades atopadas e posibles solucións.
- Análise das cualificacións acadadas polo alumnado na competencia dixital.
- Valoración do estado e mantemento da equipamento TIC do centro, diferenciando: equipos informáticos para uso do alumnado, equipos informáticos para uso do persoal, rede de centro, plataforma educativa.
- Valoración da formación TIC recibida por parte do profesorado e grao de participación nos cursos solicitados.
- Valoración da formación recibida en relación co uso seguro e adecuado das TIC: seguridade, protección de datos e respecto á propiedade intelectual.
- Valoración da difusión de información sobre aspectos relacionados co día a día no centro.

6.2. Instrumentos de seguimento e diagnóstico do plan.

O equipo de coordinación TIC do centro manterá un diario nun arquivo compartido no que se recollerán as actuacións feitas por cada un dos membros do equipo, as actuacións necesarias e as propostas. Ademais reunirase cunha periodicidade mensual para valorar aspectos relativos ao despregamento do plan TIC de centro, detectar incidencias, resolver dificultades e asegurar o adecuado desenvolvemento do mesmo.

Antes da finalización de cada curso, realizarase unha avaliación cos diferentes sectores da comunidade educativa co fin de afinar no diagnóstico e axustar os obxectivos ás necesidades reais do centro, para iso empregaranse as seguintes ferramentas:

- Cuestionarios de satisfacción que se pasarán aos diferentes sectores da comunidade educativa, nos que se incluirán preguntas relacionadas co desenvolvemento da competencia dixital, necesidades de equipamento e de formación, utilización das TIC...
- Cuestionario de valoración co que se pretende avaliar aspectos concretos do plan TIC.

6.3. Indicadores respecto a as diferentes liñas de actuación.

6.3.1. Integración curricular

- Satisfacción das familias coa formación en novas tecnoloxías que recibe o alumnado.
- Satisfacción do alumnado coa formación que reciben no uso das novas tecnoloxías.
- Resultados das cualificacións acadadas polo alumnado na competencia dixital.
- Resultados do cuestionario de satisfacción.
- Resultados do cuestionario de valoración.

6.3.2. Infraestruturas e equipamento

- Satisfacción das familias coa dotación tecnolóxica do centro.

- Satisfacción do alumnado co equipamento tecnolóxico do centro.
- Satisfacción do profesorado co equipamento informático do centro.
- Grao de cumprimento plan de previsión de adquisición de recursos tic.
- Resultados do cuestionario en relación coa valoración do estado e mantemento da equipamento TIC.
- Grao de ocupación das salas de computadores.

6.3.3. Formación do profesorado

- Nivel de competencia do profesorado para a incorporación das TIC na aula.
- Profesorado que participa en accións formativas relacionadas coas TIC.
- Grao de utilización da páxina web, aula virtual e agueiro por parte do profesorado
- Resultados do cuestionario de satisfacción.
- Resultados do cuestionario de valoración.

6.3.4. Comunicación e interacción institucional

- Número de visitas da páxina web do centro, da aula virtual, dos blog, das contas de instagram e demais medios de comunicación.
- Grao de satisfacción das familias coa aplicación abalar e comunicación por correo electrónico.
- Resultados do cuestionario en relación coa difusión da información.
- Resultados do cuestionario en relación coa comunicación TIC.

6.3.5. Xestión e organización do centro

- Número de incidencias rexistradas.
- Tempo de resolución das incidencias rexistradas.
- Resultados do cuestionario en relación coa satisfacción da xestión e organización do centro.

6.4. Temporalización.

O seguimento e a avaliación realizarase:

- Dun xeito continuado co diario de seguimento
- Como aproximación trimestral e coincidindo coa avaliación xeral do centro proponse que, nas avaliacións, un membro do equipo directivo pregunte ao profesorado o grao de uso e satisfacción coas novas tecnoloxías.
- Ao finalizar o ano académico.

7. A BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS MULTIMEDIA

A importancia que se lle concede á biblioteca neste centro cremos que merece un apartado específico no plan TIC.

A nosa biblioteca escolar ademais da súas funcións tradicionais tamén pretendemos que sexa usada como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe. Dispoñía de 10 ordenadores para uso de toda a comunidade educativa aínda que este curso, por mor da pandemia, os postos reducíronse a 6. Estudarase a posibilidade de reubicar algún destes ordenadores no vestíbulo do instituto, para o seu uso de xeito máis aberto por parte de toda a comunidade educativa.

Respecto á compensación das desigualdades sociais continuase prestando especial atención a adquirir fondos que os alumnos máis desfavorecidos non poden adquirir, así como a facilitarlle o uso do material informático e de acceso a internet para quen carece dun acceso fácil a estes medios. No curso 2010-11 xa se adquiriran notebooks e se estableceran normas para o seu préstamo. Este curso 2020-21 mercáronse equipos portátiles que, para facilitar o seu préstamo, se tratan como o resto do material á hora das solicitudes e tratamento.

Entre as liñas prioritarias de actuación para a biblioteca escolar continuamos coa formación de usuarios e educación para o acceso á información.

O equipo das TIC colabora co equipo da biblioteca na formación de alumnado e profesorado ou na realización de proxectos e traballos por parte do alumnado e profesorado. Tamén está presente na proposta e realización de actividades ocupándose tanto da difusión como da elaboración de contidos multimedia para que a información chegue o máis rápida e fluída posible a toda a comunidade educativa:

O equipo de biblioteca en colaboración co equipo TIC pretende axudar ao alumado que o precise na execución dos seus traballos orientando no relativo a:

- Busca, valoración e selección de información.
- Presentación en diversos soportes: informático, escrito, oral, vídeo.
- Fomento do uso do software libre na realización e presentación de traballos.

Sería conveniente que en cursos posteriores se mantivera o criterio de que o coordinador TIC formara parte do equipo de traballo da biblioteca.

8. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA.

8.1. Conclusións.

Continuando coa aplicación do Plan TIC, iniciado no ano 2011, orientado á integración curricular das TIC no centro, abórdase neste período a tarefa da integración total das TIC en todos os aspectos que teñen que ver coa vida, organización e funcionamento do centro. A evolución tanto dos equipamentos como das ferramentas que están a nosa disposición é moi rápida. Os cambios que se produciron no uso das TIC do centro tamén foron importantes pasando de formar a un grupo de profesorado no equipamento abalar, no uso da aula virtual e da páxina web do centro a, nestes intres ver como habitual o uso dos ordenadores e-Dixgal, as tabletas mercadas polo centro e o uso da aula virtual pola totalidade dos departamentos.

O uso de aplicacións e redes sociais como medio de información (instagram, abalar...), a actualización continua da web do centro e de blogs informativos, a difusión de vídeos nos canais de youtube son actuacións cotiás actualmente no IES Campo de San Alberto.

Tentaremos continuar nesta liña tratando de estreitar a fenda dixital existente entre profesorado e alumnado e dotar ao centro das infraestruturas e equipamentos óptimos para o uso das TIC de forma xeneralizada e habitual.

A existencia dun equipo de coordinación TIC dá facilidades ao resto de compañeiros á hora de enfrontarse ás dificultades do día a día, pero é sen dúbida a existencia dun Plan TIC, entendido como folla de ruta para todo o centro, o que garante o éxito na adecuación e consecución dos obxectivos rexistrados no Proxecto Educativo de Centro.

8.2. Propostas de mellora.

A pesar dos esforzos realizados nos últimos anos e a proposta de obxectivos, entendemos que adecuados ás necesidades do centro, existen certos aspectos nos que aínda existe unha importante marxe de mellora en relación coas TIC, como son:

- Coordinación do profesorado no desenvolvemento da competencia dixital do alumnado, xa que avanzan a maior ritmo os alumnos de profesores con maior seguridade no manexo das TIC.
- Instalación de maiores medidas de seguridade e protección nos equipos destinados ao uso do alumnado.
- Mellora da accesibilidade e seguridade da rede wifi.
- Formación do profesorado no uso de software libre, web 2.0 e web 3.0.
- Formación do profesorado en ferramentas que garantan a seguridade na rede.

- Maior implicación das familias no emprego dos recursos TIC que oferta o centro e o uso adecuado das TIC por parte do alumnado.
- Xeneralización do uso das TIC na comunicación centro-familias.
- Elaboración dun Plan de Reciclaxe de Equipos e Consumibles, na actualidade téntase facer, pero non existe unha sistemática de actuación ao respecto.

Nota: Algúns enlaces contidos neste documento levan a arquivos para os que é necesario ter chaves de acceso. A información que existe neles non debe estar a disposición de toda a comunidade educativa pois pode haber contrasinais ou outra información que só debe ser coñecida polos membros da dirección ou da comisión TIC.

ANEXO I

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE IES "CAMPO DE SAN ALBERTO"	**LIBRO DE MANTEMENTO DAS TICs**	CURSO ACADÉMICO: **2020-21** NÚMERO DE FOLLA: **22**

Nº	(1º) Nome do emisor da incidencia	(1º) Data	(2º) Nome do receptor de 1º nivel (membro do equipo de dinamización das TICs)	(2º) Data	(4º) Nome do receptor de 2º nivel (Servizo Técnico, Dirección ou UAC)	(4º) Data
	(1º) Breve descrición da incidencia, aula e aparato afectado.	(1º) Sinatura	(3º) Actuación de 1º nivel realizada e/ou decisión acordada de peche da incidencia ou paso a un 2º nivel (secretaría, dirección, chamada servizo técnico, ...)	(3º) Sinatura (3º) Data	(5º) Breve descrición da actuación de 2º nivel e tempo da reparación (se procede)	(5º) Sinatura (5º) Data
				09-12-11		14-12-11
1						
2						
3						